



BASES DA CONVOCATORIA XVIII PREMIO DE NARRACIÓN CURTA **CONCELLO DE MARÍN**

Dando continuidade á tradición literaria impulsada polo Concello de Marín co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, o Concello de Marín convoca o XVIII PREMIO DE NARRACIÓN CURTA CONCELLO DE MARÍN, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira.- Persoas participantes

Poderán concorrer a este certame todas as persoas de calquera nacionalidade, que sexan maiores de idade (18 anos), podendo presentar unicamente un traballo por persoa.

Segunda.- Requisitos e obrigas da obra

Os traballos serán en lingua galega, orixinais e inéditos. Os criterios de valoración que se terán en conta serán a orixinalidade no tratamento da temática e na súa exposición literaria, o emprego dunha linguaxe e estilo ricos, así como o rigor e a calidade da obra.

Terán unha extensión mínima de 5 páxinas e un máximo de 10 (entendendo páxina por un folio por ambas caras), de temática libre e deberán cumprir as seguintes especificacións: folla formato DIN A4, texto a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12 e paxinado. **En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra.**

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable, manifestando ser a persoa propietaria de todos os dereitos, tal e como se recolle na disposición quinta destas bases.

En consecuencia, o Concello de Marín non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que puideran xurdir, recaendo na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que puideran corresponder polos prexuízos ocasionados.

Terceira.- Premio

O premio será único e indivisible e estará dotado coa contía de **1.000 euros**, figurando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan de aplicación e imputándose con cargo á partida correspondente do orzamento municipal deste exercicio.

A concesión do premio non implicará a perda dos dereitos de autoría do traballo premiado. Non obstante, o Concello de Marín resérvase o dereito de publicar total ou parcialmente o traballo premiado.

Cuarta.- Prazo de presentación

O prazo de presentación dos traballos abrirá o sábado, 15 de marzo de 2025 e rematará o venres 2 de maio do 2025 ás 14.00 horas.

Quinta.- Formato de presentación das obras



O formato para a presentación das obras seguirá o **sistema de plica**, polo que será preciso facer un envío con dous sobres pechados diferenciados:

Sobre 1: Obra

Este será o sobre no que se inclúa a obra coa que se concorre, de xeito anónimo, ao certame. A presentación dos traballos farase, preferiblemente, en formato dixital, con tratamento do texto en Word ou en OpenOffice, por medio dun USB metido nun paquete que incluíra no seu exterior a seguinte identificación: XVIII PREMIO DE NARRACIÓN CURTA CONCELLO DE MARÍN, título da obra ou lema e pseudónimo.

No caso de optar pola presentación en papel, o orixinal presentarase grampado ou encadernado.

Sobre 2: Datos persoais

O segundo sobre será o relativo aos datos persoais. No exterior figurará o nome da obra e o pseudónimo e deberá conter recheo o Adxunto I, que se poderá descargar xunto ás bases na sede electrónica e na web municipal do Concello de Marín, e no que se recollerá a seguinte información:

- Copia do DNI
- Enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico
- Breve currículo
- Caixa na que marcar que a persoa declara ser a persoa autora e titular de todos os dereitos e que esta non foi premiada, ata a data da súa presentación, noutro certame ou premio
- Caixa na que marcar o consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no XVIII PREMIO DE NARRACIÓN CURTA CONCELLO DE MARÍN, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de Protección de Datos Persoas e garantía dos dereitos dixitais.

Sexta.- Nomeamento e obrigas do xurado

O xurado estará formado por persoas de relevancia do mundo da cultura e da literatura galegas, con acreditado criterio para a análise e a avaliación dos traballos presentados. Na edición regulada polas presentes bases, conformarán o xurado os seguintes membros: Susana Pedreira, Ramón Rozas Domínguez, Arantza Portabales e Elena Gallego Abad. As funcións de Secretaría serán exercidas pola directora da Biblioteca Municipal Vidal Pazos.

O xurado establecerá de mutuo acordo a data de convocatoria de reunión para as deliberacións e o fallo do premio, celebrándose esta como moi tarde o 13 de maio, xa que o 14 de maio se publicará o nome da persoa premiada a través de todas as canles de comunicación oficiais do Concello de Marín.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente pola secretaria. O fallo do xurado será inapelable. Se os traballos presentados non reunisen a calidade suficiente, o premio poderá declarase deserto.

Pola súa achega á realización do certame, os membros do xurado percibirán unha compensación económica de **250 euros** por integrante, figurando incluídos nesta cantidade



todos os impostos que lle sexan de aplicación e imputándose con cargo á partida correspondente do orzamento municipal deste exercicio.

O importe para a remuneración de cada un dos membros do xurado está fixado en función do premio que se dá, repartindo de xeito equitativo a contía de 1.000 euros entre as catro persoas do xurado e tendo en consideración as contías que normalmente se perciben noutros certames de similar índole.

Sétima.- Entrega do premio

A entrega do premio realizarase co gallo do acto de celebración do Día das Letras Galegas, cuxa data será establecida por parte do Concello de Marín. A persoa premiada comprométese a acudir a esta vila para recoller o premio e ler o traballo.

Novena.- Forma de pagamento do premio e dos honorarios do xurado

A forma de pagamento tanto dos honorarios a percibir por parte dos membros do xurado como por parte da persoa que resulte gañadora do premio será a través de transferencia bancaria, facendo un ingreso nas contas que aparezan reflectidas na proposta de gasto asinada pola concelleira delegada da área e que constará no expediente.

Décima.- Aceptación íntegra das bases

A participación neste concurso implica a aceptación total destas bases, que serán publicadas e de libre consulta a través da páxina web do Concello de Marín (www.concellodemarin.es), a través das redes sociais, na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e nos medios de comunicación.

Undécima.- Lei de Protección de Datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable polo Concello de Marín coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Marín ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao seguinte correo electrónico: novastecnoloxias@concellodemarin.es

En Marín, a martes 11 de marzo de 2025.

A concelleira de Cultura,

Marián Sanmartín García